

Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a petición da Xunta de Galicia ao Goberno central para que propoña en Bruxelas un plan de recuperación da cigala para o golfo de Biscaia e augas ibéricas (doc num. 800).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a reclamar do Goberno central, que se os datos extraídos dos informes solicitados ao IEO das campañas centinela UF25 e UF31 realizadas entre agosto e setembro de 2020 así o recomendan, faga valer o *statement* sobre a reevaluación do *stock* da cigala.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2020 17:16:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 17:16:49



Á Mesa da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol, así como a protección social e económica das persoas mariscadoras (11/PNC-000228, doc. núm. 2298).

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un estudo sobre a produción marisqueira da ría de Ferrol, que permita elaborar un informe de conclusións para compartir cos sectores afectados e confrarías, e poder guiar as posibles intervencións que sexan necesarias a curto, medio e longo prazo para recuperar a actividade.”

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2020 17:55:29





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2020 17:56:08
Nº Registro: 3683
Data envío: 15/10/2020 17:56:08.919

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/10/2020 17:55:36

CSV: REXISTRO7QbxElhem4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Teresa Egerique Mosquera** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **2298 (11/PNC-000228)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol, así como a protección social e económica das persoas mariscadoras.

Emenda de Substitución:

Débese substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego e ao central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a estación de bioloxía mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas como o cese de actividade para o colectivo mariscador, de protección económica e social das mariscadoras e mariscadores”.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2020 18:21:39

Teresa Egerique Mosquera na data 15/10/2020 18:21:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **1363 (11/PNC-000125)** Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións precisas para solucionar a problemática que está a xerar a diminución dos recursos pesqueiros na Pobra do Caramiñal, a consecuencia da modificación da dinámica das correntes mariñas.

Emenda de Substitución:

Débase substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a poñer en marcha de inmediato todas as actuacións que sexan precisas para analizar posibles solucións á situación do porto da Pobra pola modificación da dinámica das correntes mariñas, e a avaliar entre elas a apertura definitiva de varias canles de corrente no peirao comercial, de xeito que favorezan o desenvolvemento do marisco nas concesión de O Areal e Os Raposiños”.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2020 18:20:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/10/2020 18:20:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **2464 (11/PNC-000257)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente e posible peche da conserveira Thenaisie Provoté, asentada no Grove e coñecida como a fábrica de Rons, así como do seu centro de Mos, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 16 de outubro de 2020.

Emenda de modificación

No final do parágrafo substituír o texto: “o mantemento da actividade e o emprego.”, polo seguinte: “o mantemento da totalidade da actividade, tanto da parte produtiva situada en Ogrobe como da loxística en Mos e a totalidade dos postos de traballo.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2020 18:11:36

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2020 18:11:40

